

MEMORIA PROPOSTA PARA A CONVOCATORIA, POLO PROCEDEMENTO DE LIBRE DESIGNACIÓN, DE VARIOS POSTOS DA VIXENTE RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA INSTITUCIÓN DA VALEDORA DO POBO.

A Valedora do Pobo é a alta comisionada do Parlamento de Galicia para a defensa, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma, dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas recoñecidos na Constitución, estendéndose a súa actividade á tutela dos dereitos individuais e colectivos emanados do Estatuto de Autonomía.

O artigo 10 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo establece o réxime do persoal da institución, determinando que o persoal ao seu servizo, dependerá orgánica, funcional e disciplinariamente da Valedora do Pobo. O persoal ao servizo da Institución, segundo establece o mesmo artigo, deberá reunir a condición previa de funcionario ou funcionaria de calquera das administracións públicas e poderá ser adscrito á oficina por libre designación, segundo a relación de postos de traballo.

A Lei 10/2023, do 28 de decembro (DOG número 246, do 29 de decembro), de medidas fiscais e administrativas, no seu artigo 51 sexies, crea a Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante (AGPI), que se adscribe á Valedora do Pobo, e que se rexe polo disposto na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

A AGPI é un órgano colexiado, presidido pola persoa titular da Institución da Valedora do Pobo, que ten como competencias a adopción das medidas de protección previstas na Lei 2/2023, a xestión da canle externa de comunicacións, a instrución e decisión relativas ás informacións e comunicacións previstas na Lei 2/2023, a tramitación e resolución dos procedementos sancionadores, a imposición de sancións polas infraccións de acordo coa referida Lei, o fortalecemento da cultura da información, dos mecanismos de promoción e defensa da integridade das organizacións e o fomento da cultura da información ou comunicación como mecanismo para previr e detectar ameazas en materia de fraude ou corrupción.

Corresponde así mesmo á Autoridade, a aprobación das súas normas de organización e funcionamento, a elaboración e aprobación dun informe anual sobre a súa actividade, que se incluírá no presentado anualmente pola Valedora do Pobo ante o Parlamento de Galicia, e as demais funcións que prevexa a Lei 2/2023, sempre que se refiran ao ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Autoridade, de acordo co establecido na Lei, actuará con separación das súas funcións respecto das outras que corresponden á Valedora do Pobo ou aos seus órganos adscritos e disporá dos medios persoais e materiais da institución e dos que se poidan crear de acordo coa referida lei. O artigo 51 decies da referida Lei, establece que o persoal ao servizo da Autoridade, integrarase na relación de postos de traballo da Institución.

A Disposición adicional cuarta da Lei 10/2023, establece que a Autoridade comezará o exercicio das súas funcións aos dez meses da entrada en vigor desta Lei, e neste período a Valedora do Pobo aprobará ou impulsará as medidas necesarias para dotar a Autoridade dos medios persoais e materiais precisos para o exercicio das súas funcións.

A Mesa do Parlamento de Galicia, en sesión celebrada con data do 27 de maio de 2024 (Boletín Oficial do Parlamento de Galicia nº , do 4 de xuño de 2024), aprobou a modificación da Relación de Postos de Traballo da Institución, coa creación, entre outros, dos seguintes postos:

- Subdirección Xeral.
- Xefatura de Área da AGPI.

Dada a necesidade de cobertura dos citados postos de traballo, a fin de que se poidan levar a cabo as labores preparatorias para a posta en marcha da autoridade, estímase procedente a aprobación do procedemento para a súa cobertura, mediante o procedemento de libre designación (artigo 29 do Estatuto de Persoal do Parlamento), que é a forma de provisión prevista para estes postos na vixente relación de postos de traballo da Institución.

En consecuencia,

PROPONSE,

A aprobación da convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dos postos de Subdirección Xeral e Xefatura de Área da Institución conforme ás bases que se detallan no documento anexo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

Santiago González Serrano
Xefe do Servizo de Administración e Persoal

EXCMA. SRA VALEDORA DO POBO

RESOLUCIÓN DO DE DE 2024, POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA PARA A ADSCRICIÓN, POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN, DE VARIOS POSTOS DE TRABALLO DA INSTITUCIÓN DA VALEDORA DO POBO

Vista a proposta formulada polo Xefe do Servizo de Administración e Persoal para a adscrición, polo sistema de libre designación, de varios postos na Institución,

RESOLVO:

Ao abeiro do establecido no artigo 7 k) do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo, aprobar a convocatoria para a adscrición, polo sistema de libre designación, dos postos que figuran a continuación, conforme ás seguintes

BASES:

Primeira. Apróbase a convocatoria para a adscrición, polo sistema de libre designación, aos seguintes postos:

1) Subdirección Xeral

- a) Grupo de titulación: A¹ (A-1²)
- b) Nivel de complemento de destino: 30.
- c) Administración: pertenza como persoal funcionario/a de carreira ao grupo A (A1).
- d) Titulación: licenciatura/grao en dereito.
- e) Funcións a desenvolver: As que se lle atribúen no acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 27 de maio de 2024 (Boletín Oficial do Parlamento de Galicia nº 33, do 4 de xuño de 2024).
- f) Centro directivo: Valedora do Pobo.

2) Xefatura de Área da AGPI

- a) Grupo de titulación: B⁽¹⁾ (A-2⁽²⁾)
- b) Nivel de complemento de destino: 26.

¹ Grupo de clasificación profesional de acordo co artigo 20 do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia.

² Grupo de clasificación profesional de acordo co artigo 42 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

- c) Administración: pertenza como persoal funcionario/a de carreira ao grupo B (A2) Escala Técnica de Finanzas (ou escalas equivalentes).
- d) Funcións a desenvolver: As que se lle atribúen no acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 27 de maio de 2024 (Boletín Oficial do Parlamento de Galicia nº 33, do 4 de xuño de 2024).

Segunda. Poderán concorrer á convocatoria o persoal funcionario de carreira de calquera administración pública, pertencente ao grupo indicado do posto ao que opta.

Terceira. O persoal funcionario interesado poderá presentar a súa solicitude no Rexistro Xeral do Valedor do Pobo, rúa do Hórreo nº 65 en Santiago de Compostela, ou en calquera dos lugares indicados na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, na cal deixará constancia dos datos do posto que viñese desempeñando e dos méritos que desexe alegar.

Para participar nesta convocatoria, a persoa interesada deberá formalizar a súa petición de acordo co modelo que se inclúe no anexo da presente resolución.

As persoas aspirantes deberán achegar coa súa solicitude un *curriculum vitae* e xustificar documentalmente os méritos alegados.

Os méritos alegados e non probados de acordo co establecido no parágrafo anterior non se terán en conta.

Cuarta. De conformidade co disposto no artigo 7.l) do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Pobo, corresponde á Valedora do Pobo a resolución desta convocatoria.

Quinta. A resolución da convocatoria, coa adxudicación dos postos a calquera das persoas funcionarias de carreira solicitantes que reúnan os requisitos exixidos para o seu desempeño, ou a súa declaración como deserta, por considerar que ningunha das persoas candidatas reúne as características adecuadas para o posto de traballo ou non reúne a idoneidade necesaria para o

seu desempeño, ou se non se presentase ningunha solicitude, farase pública no Diario Oficial de Galicia.

Sexta . O prazo de toma de posesión da persoa seleccionada será de tres (3) días hábiles, de estar o destino anterior na mesma localidade, de sete (7) días se comporta cambio de residencia, ou de vinte días (20) se comporta o reingreso no servizo activo.

O prazo de toma de posesión comezará a contar desde o día seguinte ao do cesamento nese destino, se é o caso, que deberá producirse dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación no Diario Oficial de Galicia da resolución da libre designación.

Se a resolución comporta o reingreso no servizo activo, o prazo de toma de posesión comezará a contar desde o día seguinte á súa publicación.

Sétima. Contra a resolución pola que se aproba esta convocatoria, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante a Valedora do Pobo no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, ou recurso contencioso-administrativo perante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de acordo co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

Dolores Fernández Galiño

Valedora do Pobo

ANEXO
Modelo de solicitude

Datos persoais:

<i>Primeiro apelido</i>	<i>Segundo apelido</i>	<i>Nome</i>
<i>DNI</i>	<i>Data de nacemento</i>	<i>Teléfono</i>
<i>Correo electrónico:</i>	<i>Enderezo:</i>	
<i>Corpo ou escala:</i>	<i>Grupo:</i>	
<i>Destino actual</i>		
<i>Administración</i>	<i>Dependencia</i>	<i>Localidade</i>

SOLICITO: Ser admitido/a á convocatoria pública para prover o posto de traballo, polo sistema de libre designación, aprobada pola Resolución da Valedora do Pobo do de de 2024, por considerar que reúno os requisitos esixidos para presentarme ao posto de traballo que se indica:

Denominación do posto de traballo	Nivel C.D.	Institución	Localidade
		Valedor do Pobo	Santiago de Compostela

Tempo de servizos prestados	Anos	Meses	Días
No corpo actual:			
Noutros corpos:			
No actual posto de traballo:			
Outros destinos anteriores:			
Títulos académicos:			
Coñecemento da lingua galega:	Fala: <input type="checkbox"/>	Escribe: <input type="checkbox"/>	Entende: <input type="checkbox"/>
Outros méritos que se deban facer constar de acordo coas bases da convocatoria:			
Outros méritos que a persoa candidata desexe facer constar:			

Información básica sobre protección de datos persoais

Responsable do tratamento	Valedor do Pobo
Finalidades do tratamento	Provisión de posto de traballo
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento de obriga legal segundo a normativa xeral e sectorial referida en https://www.valedordopobo.gal/registro-de-actividades-de-tratamento/
Destinatarios dos datos	Os datos deberán ser comunicados á Valedora do Pobo
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos en valedor@valedordopobo.gal ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	valedor@valedordopobo.gal

(Lugar, data e sinatura)

EXCMA. VALEDORA DO POBO.